

CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

Dada a estrutura da proba (véxase modelo de exame), na corrección e puntuación das respostas ás preguntas do exame aplicaranse con carácter xeral os seguintes criterios:

Nos apartados das preguntas de teoría (cun valor máximo de 1, 25 puntos cada apartado) valorarase especialmente a precisión e concisión na resposta. Nos casos nos que na resposta non se ofrezan definicións exactas e precisas dos conceptos, valoraranse positivamente os exemplos, aclaracións ou explicacións relativas a aqueles.

No relativo aos casos prácticos (problemas), na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado numérico, senón tamén a corrección (coherencia) da formulación. Ademais, cada un dos apartados valorarase independentemente, de tal xeito que, se está ben formulado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos equivocados que foran realizados en apartados anteriores.

NOTA IMPORTANTE:

Se o/a alumno/a responde a máis de dous apartados en cada unha das preguntas de teoría, unicamente se corruxirán os dous primeiros que respondese.

Se o/a alumno/a responde a máis de 4 preguntas, unicamente se corruxirán as catro primeiras que respondese.